

## Manifestación do Primeiro de Maio na Coruña: Organízate e Loita



Este Primeiro de Maio, a Confederación Xeral do Traballo (CGT) da Coruña manifestouse polas rúas mais céntricas da cidade, baixo o lema 'Contra a explotación, organízate e loita?.'

Nun ano fundamente marcado na cidade coruñesa pola perda de postos de traballo, polo peche de empresas e polo aumento da precariedade no emprego, cerca dun centenar de traballadores e traballadoras secundaron a mobilización convocada pola CGT. A forte e continua choiva, que restou participación a tódalas convocatorias de actos do primeiro de maio, acompañou durante todo o percorrido á manifestación que partiu, pasado xa o mediodía, da praza de Pontevedra.

Durante todo o percorrido se berraron consignas contra o peche de empresas, contra o



despidos en Atento, contra a explotación e a represión sindical, mentres soaban as notas de 'A las barricadas?', ata o remate da manifestación na praza do Humor.

Con posterioridade cerca dunha trintena de militantes celebramos nos locais sindicais un xantar de confraternización confederal.